

## Manifiesto 2014

### Campaña LV

**É necesario un compromiso solidario mundial para que todos poidan beneficiarse dos froitos da terra**



No ano 2000, todos os países acordaron traballar xuntos para acabar coa fame antes de 2015. A menos dun ano para que se acabe o prazo, comprobamos que estamos moi lonxe de poder conseguir este obxectivo. Hoxe, 842 millóns de persoas pasan fame. É un escándalo que non podemos consentir. Está nas nosas mans ofrecer solucións para que se cumpra este dereito fundamental para todos.

Para acabar con esta traxedia é urxente xerar unha nova orde de relacións, entre persoas, asociacións, empresas, organismos públicos, e entre países, que reflicta a fraternidade que nos une a todos. Porque o desenvolvemento dos pobos depende, sobre todo, de que aprendamos a vivir como membros da mesma familia. É necesario un compromiso solidario mundial para que todos poidamos beneficiarnos dos froitos da terra.

Por iso, desde Mans Unidas, a Asociación da Igrexa católica en España para a axuda, promoción e desenvolvemento dos países do Sur, na Campaña que agora iniciamos, convocamos a todos a traballar fraternalmente por *Un mundo novo, proxecto común*, porque acabar coa fame é responsabilidade de todos, e só será posible se todos traballamos como auténticos irmáns.

## **Desta maneira demandamos:**

1. A todas as **institucións políticas, culturais e relixiosas** que busquen un diálogo fecundo capaz de analizar a fondo as causas das inxustizas, e propoñer as medidas necesarias para a defensa efectiva do ben común.
2. Ás **empresas e entidades financeiras** que desterren as relacións baseadas no logro do máximo beneficio e poñan no centro dos seus intereses o ben da persoa.
3. Á **comunidade internacional** que mellore a cooperación e favoreza unha política comercial coherente coa defensa dos dereitos humanos.
4. Aos **países desenvolvidos** que se comprometan a aumentar a Axuda Oficial ao Desenvolvemento, aliviando a débeda externa e compartindo cos países do Sur o acceso aos mercados, e aqueles medios que garantan a defensa efectiva dos seus dereitos fundamentais.
5. Aos **países en desenvolvemento** que melloren a súa gobernabilidade, a transparencia na xestión dos seus recursos e o compromiso efectivo na defensa dos dereitos fundamentais.
6. A todos os **governos e institucións internacionais** que establezan regras xustas para que os países poidan establecer relacións mercantís seguras e non discriminatorias.
7. A todas as **persoas e institucións** que promovan un modelo de desenvolvemento sustentable, que salvagarde os recursos naturais, utilizándoos responsablemente e poñéndoo a disposición, sobre todo, dos máis necesitados; un desenvolvemento que fomenta a austeridade no consumo, e deteña o consumismo compulsivo e irresponsable.
8. E, en definitiva, reclamamos a defensa dun modelo de desenvolvemento que poña no centro ás persoas, a súa inviolable dignidade, e os dereitos fundamentais que lle pertencen; e que poña en primeiro lugar aos máis pobres.

Co Papa Francisco, convidamos a todos “a dedicar un lugar especial, nos nosos corazóns, para esta emerxencia, que é respectar o dereito outorgado por Deus a todos de ter acceso a alimentos adecuados, a compartir o que temos, en caridade cristiá, con aqueles que teñen que facer fronte a moitos obstáculos, para satisfacer esa necesidade básica”.

Ao comezar esta nova campaña, pedímoslle a Deus que nos conceda a graza de ver un mundo en que ninguén deba morrer de fame.

**UN MUNDO NOVO, PROXECTO COMÚN**